



PROPOSTA DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ATOCHAS – MONTE ALTO – TORRE DE HÉRCULES PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS ORDINARIOS DA BIBLIOTECA CAMPO DE MARTE PARA DAR UN SERVIZO PÚBLICO DE LECTURA A CALQUERA CIADÁN DA CORUÑA QUE O DEMANDE NO ANO 2022.

Na Coruña,

ASINANTES:

Dunha parte, Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, en uso das facultades de representación conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistida da oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, que dá fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma lei.

E doutra, Xosé Vázquez Romero, como presidente da Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243 e domicilio fiscal no Campo de Marte, s/n, 15002, A Coruña.

Ambas as dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder abondo para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. Que o Concello da Coruña, para xestionar os seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei reguladora das bases de réxime local. En todo caso, exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de promoción da cultura.
2. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
3. Que a Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules é unha entidade sen ánimo de lucro que ten, entre os seus fins estatutarios propios, colaborar coas Administracións na procura dunha maior calidade de vida e na satisfacción das necesidades dos cidadáns. Para o cumprimento destes fins, organizará, entre outras actividades, un servizo de biblioteca.
4. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2022, recolle na aplicación 10.334.489.50 unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de 11.000,00 €, coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.
5. Que a Lei xeral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
6. Que, en consecuencia, o 25.08.2022 o Concello da Coruña e a Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules subscribiron un convenio co fin de establecer as bases de



colaboración para contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.

7. Con posterioridade, o Pleno do Concello da Coruña en sesión extraordinaria e urxente realizada o 28.12.2022 aprobou definitivamente o expediente M4/2022 (BOP número 246 de 29.12.2022) modificativo do orzamento 2022, que permite incrementar en 4.000,00 € as consignacións orzamentarias asignadas ao convenio coa Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243, autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña por parte da Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules e por todo o exposto, as dúas partes acordan asinaren a presente addenda ao convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da addenda

A presente addenda ao convenio ten por obxecto incrementar as consignacións orzamentarias asignadas ao convenio coa Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243, autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022, como consecuencia da aprobación do expediente M4/2022, modificativo do orzamento 2022, (BOP número 246 de 29.12.2022) polo Pleno do Concello da Coruña en sesión extraordinaria e urxente realizada o 28.12.2022.

SEGUNDA.- Órgano competente

O órgano competente para aprobar a presente addenda ao convenio será a Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020).

TERCEIRA.- Obrigas do concello

A achega máxima asignada no orzamento municipal polo Concello da Coruña á Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules no expediente modificativo M4 para a presente addenda ao convenio será de catro mil euros (4.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.334.48950. Esta cantidade engadirase aos once mil euros (11.000,00 €) comprometidos no convenio de colaboración autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022, e sen que o seu importe total poida superar o déficit da actividade subvencionada á vista das cantidades reflectidas no orzamento de ingresos e gastos presentado pola beneficiaria xunto á súa solicitude.

Son válidas o resto de obrigacións do Concello da Coruña recollidas no convenio de colaboración autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.

CUARTA.- Obrigas da beneficiaria

Son válidas as obrigacións da beneficiaria recollidas no convenio de colaboración autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.



QUINTA.- Aboamento da addenda

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e o pagamento da achega realizaranse tras a presentación e a aprobación da xustificación nos termos establecidos no convenio. Producirase a perda de dereito ao cobro total ou parcial da addenda no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación desta addenda, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da addenda, que se realizará mediante a retención do pagamento polo concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pagamento da addenda ao beneficiario en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA.- Gastos subvencionables e xustificación.

Son válidos o conxunto de requisitos, condicións e referencias contidas nas cláusulas QUINTA e SÉTIMA do convenio coa Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243, autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022.

SÉTIMA.- Vixencia da addenda

A vixencia desta addenda será a mesma que a do convenio coa Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243, autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022, é dicir, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022.

En todo o non contemplado nesta addenda ao convenio estarase ao disposto no convenio coa Asociación de Veciños Atochas – Monte Alto – Torre de Hércules, con CIF G15038243, autorizado pola Directora de Área de Cultura (P.D. da Xunta de Goberno Local, BOP núm. 191, de 11.11.2020) o 08.08.2022 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2022, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, e na Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos esta addenda ao convenio na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa do Concello da Coruña,
Inés Rey García

O presidente da Asociación de Veciños Atochas
– Monte Alto – Torre de Hércules,
Xosé Vázquez Romero

A oficial maior, dou fe,
María Esther Álvarez Martínez